# FERRADÁS

PARA FACER ESTE MAIO
TIVEMOS QUE IR A ROUBAR
O FIÚNCHO E MAILAS FLORES
A CASA DE FERRADÁS. (BIS)

VEU FERRADÁS
CUNHA ESCOPETA VELLA
PEGOUNOS UN TIRO
E RACHOUNOS UNHA ORELLA. (BIS)

AÍ VEN O MAIO
POR PARA FACER ESTE MAIO
TIVEMOS QUE IR A ROUBAR
O FIÚNCHO E MAILAS FLORES
A CASA DE FERRADÁS. (BIS)

VEU FERRADÁS
CUNHA ESCOPETA VELLA
PEGOUNOS UN TIRO
E RACHOUNOS UNHA ORELLA. (BIS)

AÍ VEN O MAIO

POR DETRÁS DE SAN FRANCISCO,

AÍ VEN O MAIO

CARGADIÑO DE TREBISCO.

AÍ VEN O MAIO

POLA RÚA DO CONVENTO,

AÍ VEN O MAIO

DE ROUBAR O MONUMENTO.

# MAIO, MAIO

MAIO, MAIO, CHEO DE FLORES,
MAIO, MAÍÑO, DE AMORES CHEÍÑO.
MAIO, MAIO, CHEO DE FLORES,
MAIO, MAIAL, FLORIDO E LACAZÁN.

pageborders.org

## MAIO, VÍSTETE DE CREGO

MAIO, MAIO
VÍSTETE DE CREGO
CASTAÑÍN, PARA MIN.

LEVÁNTATE, MAIO,
QUE TANTO DURMICHES,
PASAOU O INVERNO
E NON O SENTICHES.

MAIO, MAIO …

LEVÁNTATE, MAIO,
QUE TANTO DURMICHES,
PASOU UNHA BESTA
E NON A MORDICHES.

LEVÁNTATE, MAIO,
QUE XA NON É CEDO
E MARCHA PRÁ CASA
QUE XA METES MEDO.

## VIMOS CANTAR O MAIO

SEGUINDO O COSTUME
DO ANO PASADO
AQUÍ VIMOS TODOS
A CANTAR O MAIO.

AI, MAIO, MAÍÑO,
TRAÉMOSCHE OVOS,
GRILANDAS E FLORES
DE TODAS AS CORES.

AO MAIO CANTAMOS
SEN BRUXAS NEN MEDOS
TODOS MOI XUNTIÑOS
LEDOS ESTAREMOS.

pageborders.org